

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002773	CEIP do Foxo	A Estrada	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	9
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	12
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	17
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	19
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	19
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	20
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	21
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	22
k) Os criterios xerais do outorgamento de matriculas de honra, de ser o caso	25
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	26
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	27
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	33
o) Outros apartados	33

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

1. BASE LEGAL

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de mestres cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación docente para garantir a coherencia na actuación docente.

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE).

- Orden de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 2 de marzo de 2021, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción... en EP...

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 26 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións,, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal esocial.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico

b) A contribución á adquisición das competencias clave

EDUCACIÓN INFANTIL

Competencia en comunicación lingüística

Poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo. Con iso favorecerase a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais. Ademais, a oralidade ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite aos nenas e ás nenos gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das ladaíñas, das adiviñas e dos contos, que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto da diversidade.

Competencia plurilingüe

Nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

STEM - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

As nenas e os nenos iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. O proceso de ensino e aprendizaxe na educación infantil expónse nun contexto suxestivo e divertido no que se estimula, desde un enfoque coeducativo, a curiosidade das nenas e dos nenos por entender aquilo que configura a súa realidade, sobre todo o que está ao alcance da súa percepción e experiencia, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Con esta finalidade, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

Competencia dixital

Iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso e a integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

Resulta especialmente relevante que as nenas e os nenos se inicien no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía. Doutra banda, a escolarización nesta etapa supón tamén o descubrimento dunha contorna diferente á familiar, en que se experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, as nenas e os nenos comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

Competencia cidadá

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convídase tamén á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade e cultura. Do mesmo xeito, foméntase un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais. Para tal fin, promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás. Ademais, sentan as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

Competencia emprendedora

A creación e a innovación son dous factores clave para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a cidadanía activa ao longo da vida. A educación infantil é unha etapa na que se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas. Desta maneira, aséntanse as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e foméntase a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

Competencia en conciencia e expresión culturais

Para que as nenas e os nenos constrúan e enriquezan a súa identidade, foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1.2.1. Contribución da área de lingua galega ao desenvolvemento das competencias clave

A área de lingua galega é básica para a adquisición da Competencia lingüística e da competencia plurilingüe.

Ademais, as posibilidades de comunicación que suscitan as TIC están presentes en elementos curriculares de todos os bloques (obtención, tratamento e comunicación da información),

xa que logo, mediante a aprendizaxe da lingua contribúese á adquisición da Competencia Dixital.

A construción de coñecementos a través da linguaxe relaciónase coas competencias persoal, social e de aprender a aprender porque a linguaxe é un instrumento de comunicación que permite comunicarse, analizar problemas, elaborar plans,;

A elaboración de textos lingüísticos e literarios, de xeito individual ou en grupo, contribúe no plano das Competencias cidadá permite que se estimule a competencia emprendedora

Finalmente, o estudo das variedades do galego e das linguas faladas en España e o coñecemento da literatura contribúen ao desenvolvemento da Conciencia e as expresións culturais.

1.2.2. Contribución da área de lingua castelá ao desenvolvemento das competencias clave

A área de lingua castelá contribúe de forma directa ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe : habilidade de expresión e da interpretación de diferentes tipos de discurso de maneira crítica e captando a súa intencionalidade o que axuda a incorporar ferramentas de utilización da linguaxe como instrumento de comunicación . Nesta área desenvólvense estratexias de expresión oral e escrita, comprensión de mensaxes de diferente tipoloxía, enriquecemento do vocabulario, estratexias para una correcta fluidez verbal, a adquisición e aplicación de estruturas gramaticais ;

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas.

Esta área posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando criticamente sobre os seus fins. A información e a súa comprensión danos a posibilidade de poñer en xogo mecanismos de autonomía e iniciativa persoal (competencia persoal, social e de aprender a aprender).

A lingua castelá é un instrumento para a autoavaliación e os procesos de pensamento o que permite construír estratexias na toma de decisión e na comunicación de proxectos persoais. A comunicación verbal e non verbal contribúen ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal , garantindo unha adecuada interacción social (competencia emprendedora)

Interpretar os diferentes tipos de discurso e aplicar esta interpretación a situación de comunicación diversas e en diferentes contextos sociais e culturais, axuda a comprender e a situarnos en contextos socioculturais distintos. A área de lingua castelá permite a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros e de comunicar experiencias integrando o emocional e o social (competencia cidadá)

A área de lingua castelá contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos, destrezas para buscar información, así como utilízala de forma crítica, avaliando a súa pertinencia. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos o que implica algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta á aspectos como a planificación, execución, revisión; Ademais os medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborativo da escritura que permite concibir a aprendizaxe da lingua no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

A área de lingua Castelá contribúe ao desenvolvemento da competencia de conciencia e expresión cultural na medida na que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa nos distintos medios. A lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento desta competencia que permite percibir os recursos lingüísticos e literarios e po agrado pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira.

A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran una mellor comunicación das experiencias . Todo isto contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

1.2.3. Contribución da área de lingua estranxeira ao desenvolvemento das competencias clave

A aprendizaxe da lingua estranxeira contribúe directamente a adquisición da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe na medida en que o alumnado adquire e desenvolve as habilidades de escoitar, falar e conversar en varias linguas. O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira mellora tamén esta competencia. Tamén contribúe á capacidade de entender unha mensaxe, escoitar, ler, escribir o que vai favorecer comprender eses sucesos, expresar as consecuencias, entender as opinións dos demais sobre unha acción.

A competencia lingüística permite razoar, argumentar, formular hipóteses, deducir, inducir e o que favorece que o alumnado interprete correctamente os enunciados dos problemas matemáticos, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia dixital na medida en que o alumnado aprende a comprender un texto (oral ou escrito en calquera formato), a discriminar o contido máis relevante, a organizar en parágrafos, a producir textos seguindo un modelo pero con distinta información, a resumir, rebater, discutir, compartir.

As linguas forman parte dunha cultura e serven para comunicarse no ámbito social. A aprendizaxe da lingua estranxeira permite coñecer novas culturas, favorece o respecto, o interese e a comunicación con outros aprendices ou falantes desa lingua. Todo isto leva consigo o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, o que contribúe ao desenvolvemento da competencia cidadá.

A lingua estranxeira tamén contribúe ao desenvolvemento da competencias en conciencia e expresión culturais xa que a súa aprendizaxe supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, utilizándoas como fonte de enriquecemento e goce e considerándoas como parte do patrimonio doutros pobos.

Como a linguaxe é o medio de transmisión do pensamento e a ferramenta de aprendizaxe por excelencia, a materia de lingua estranxeira contribúe de xeito fundamental ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender porque ofrece máis posibilidades e recursos diferentes para comprender, interpretar, expresar opinións ou sentimentos e emocións e formular hipóteses de funcionamento da lingua.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia emprendedora porque fomenta o traballo cooperativo na aula e as habilidades sociais e porque permite o desenvolvemento de iniciativas sobre planificación, organización e xestión do traballo.

1.2.4. Contribución da área de matemáticas ao desenvolvemento das competencias clave

Os contidos da área oriéntanse de maneira prioritaria a garantir o mellor desenvolvemento da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría en todos os aspectos. Buscamos habilitar ao alumnado de iniciativas propias (c. aprender a aprender) a través da investigación por medio da observación e uso dos medios tecnolóxicos (competencia dixital) para desenvolverse no mundo fóra da aula que é no ten que vivir.

As matemáticas contribúen ao tratamento da información e competencia dixital en varios sentidos. A) Proporcionan destrezas asociadas ao desenvolvemento do pensamento matemático contribuíndo á competencia da conciencia e expresións culturais porque fai posible a súa comprensión e permite unha descrición máis axeitada do entorno no que vive. b) Permiten o uso dos números e a interpretación de situacións problemáticas. C) Utiliza a calculadora e outros medios tecnolóxicos como ferramentas para facilitar a súa comprensión.

A área contribúe ao desenvolvemento da competencia emprendedora porque a resolución de problemas ten tres vertentes asociadas a esta competencia: A planificación, a xestión de recursos e a valoración dos resultados que debe potenciar o espírito crítico valorando o entorno social relacionando os contidos das diferentes áreas.

O carácter instrumental dunha dos obxectivos deben proporcionar o desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender; dado que é imprescindible insistir nas tarefas relacionadas co desenvolvemento da autonomía, a perseveranza, o esforzo, o tratamento de textos para afrontar situacións complexas do medio.

Os obxectivos establecidos na competencia matemática contribúen o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística porque insisten no emprego dun vocabulario preciso e uso contidos asociados á descrición verbal e escrita dos razoamentos e dos procesos.

A achegan dos obxectivos á competencia cidadá aparece cando as aprendizaxes deseñadas relacionadas coa área deben facer fincapé no desenvolvemento da adquisición de destrezas para levar a cabo análises de resolución de situacións sociais nas que se ve involucrado diariamente como un suxeito activo e participativo na construción dunha sociedade con dereitos e deberes.

1.2.5. Contribución da área de ciencias da natureza ao desenvolvemento das competencias clave

Desenvólvense as competencias cidadá directamente en todos os aspectos da educación cívica (aprendendo a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores e concibindo unha escala de valores propia para poder actuar conforme a mesma), da relación cos demais e no compromiso social (desenvolvendo capacidade de diálogo en situacións de convivencia e amosando dispoñibilidade para participar respectando opinións e quendas).

A Comunicación en comunicación lingüística vai a estar presente en todo momento dado que se pretende que o alumnado avance captando vocabulario, expresións orais e escritas e se comunique en todo momento tanto a nivel verbal como non verbal facendo da lingua o medio primordial para comunicarse e poder gozar da lectura.

Respecto da competencia dixital, boa parte das aprendizaxes da área requiren códigos, formatos e linguaxes para a súa comprensión (lecturas de gráficos, esquemas, interpretación de datos, etc.). A utilización de medios informáticos e audiovisuais procuran a busca de información e contraste da mesma ao tempo que permiten presentar traballos estéticos contribuíndo de forma decisiva, ao desenvolvemento desta competencia.

O constante uso na área de técnicas para aprender, traballar en equipo, organizar contidos, memorizar e recuperar a información favorecen o desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Contribuíndo tamén aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, que favorezan a comprensión dos contidos.

O coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio cultural contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais

Esta área inclúe contidos directamente relacionados coa competencia emprendedora, ao ensinar a tomar decisións, tanto no ámbito escolar como na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de ocio asumindo as responsabilidades encomendadas sendo constante no traballo e procurando superar as dificultades.

Esta área tamén contribúe a adquisición da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría porque o alumnado se enfrenta a situacións cotiás a través da observación, experimentación. Desenvolvemento de proxectos que precisan un uso de técnicas axeitadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar argumentacións, reflexionar sobre estas e apoiar explicacións e presentar informacións que requiran da linguaxe matemática.

1.2.6. Contribución da área de ciencias sociais ao desenvolvemento das competencias clave

Esta área contribúe principalmente ao desenvolvemento da competencia cidadá en dous ámbitos. Por un lado as relacións próximas que requiren favorecer a toma de conciencia das propias emocións e desenvolvemento de actitudes de diálogo, de comunicación e de resolución de conflitos con asertividade. Por outro lado abórdase ámbitos que transcenden esa proximidade: parroquia, concello, comunidade, etc. que implica coñecer a súa organización, funcións, mecanismos de participación. Esta área convertese nun espazo privilexiado para reflexionar sobre conflitos, asumir responsabilidades con respecto ao grupo, elaborar e aceptar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente, como nas propias do ámbito social no que se vive.

O uso de ferramentas matemáticas como medidas, táboas, representacións gráficas, etc. Contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría xa que require un achegamento ao método científico e tecnolóxico: saber definir problemas, estimar solucións, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A información é un elemento imprescindible de aprendizaxe desta área. Esta información se presenta en diferentes códigos, formatos...: ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno, utilizar unha fonte histórica, etc.; esixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación. Por iso contribúe dun xeito moi relevante á adquisición da competencia dixital. (Uso do ordenador, manexo dun procesador de textos, busca en internet, regras para un uso seguro e ético nas distintas redes sociais, etc.)

A área de ciencias sociais contribuirá significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e polo tanto o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe

A aprendizaxe das Ciencias sociais contribuirá ao desenvolvemento de competencia persoal, social e de aprender a aprender, mediante o desenvolvemento de técnica para tratar a información: realización de resumos, esquemas ou mapas conceptuais.

A contribución da área á competencia conciencia e expresión culturais centrase no coñecemento das manifestacións culturais, na valoración da súa diversidade e recoñecemento daquelas que forman parte do noso patrimonio

Inclúense contidos relacionados directamente co desenvolvemento da competencia emprendedora porque ensina a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de ocio.

1.2.7. Contribución da área de educación musical e danza ao desenvolvemento das competencias clave

A área de música contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe pois favorece a obtención e o uso dun vocabulario musical básico integrando os elementos básicos deste último coa linguaxe verbal; ademais, os coñecementos, destrezas e actitudes que se adquiren con esta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións propias, favorecendo a formación dun espírito crítico.

O tratamento da información e competencia dixital adquirense co coñecemento do uso do hardware e software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou mediante técnicas de tratamento e gravación de sons relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Tamén axuda ao alumnado nos procesos de autoaprendizaxe mediante a utilización da internet e favorece a súa posible integración en actividades de ocio.

Esta área favorece a competencia cidadá por medio da participación en actividades musicais relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren un traballo cooperativo permitindo a oportunidade de expresar ideas propias, así como valorar as dos demais.

A obtención da competencia en conciencia e expresión culturais conséguese co coñecemento de músicas doutras culturas, épocas, estilos. Pode fomentar actitudes respectuosas creando relacións con outras linguaxes artísticas e

con outras contornas. Permite adquirir aptitudes para expresar ideas e sentimentos de forma creativa, activando a imaxinación.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender adquirese potenciando capacidades e habilidades fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, concentración e memoria, ao tempo que desenvolve o sentido da orde e a análise. As actividades de interpretación, audición musical e de adestramento auditivo precisan unha práctica de escoita reiterada, todo isto lévanos a unha toma de conciencia das nosas propias posibilidades. Por medio das actividades relacionadas coa interpretación musical que requiren unha planificación previa e unha toma de decisións para conseguir uns fins, todo isto desenvolve habilidades como a perseveranza, responsabilidade, autocrítica e autoestima.

A competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería adquirese xa que a música vertebra de forma sistemática nocións de tempo (codificación temporal). A danza resulta da integración a través do movemento de parámetros como espazo e tempo. Outros aspectos como duración, velocidade, métrica musical, forma, proporcionalidade... atanguen directamente ás aprendizaxes artísticas á vez que logran unha integración natural intuitiva das leis e modelos matemáticos.

A música e a danza empregan medios dixitais para ampliar as posibilidades expresivas e técnicas por iso esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia dixital, ademais a rede inicia aos alumnos no acceso á oferta cultural.

1.2.8. Contribución da área de educación física ao desenvolvemento das competencias clave

A área de Educación Física contribúe esencialmente ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico mediante a percepción e interacción apropiada do propio corpo, en movemento ou repouso, nun espazo determinado. Tamén contribúe a preservar a saúde mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física. Con esta área adquirense hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física.

As características da Educación física, sobre todo as relativas ao entorno no que se desenvolve e á dinámica das clases, axudan ao desenvolvemento da competencia cidadá. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e da solidariedade, respectando a autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade.

Esta área contribúe nalgunha medida á adquisición da competencia en conciencia e expresión culturais. Mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento contribúe á expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa. Tamén contribúe a apreciación e comprensión do feito cultural, mediante o recoñecemento e apreciación das manifestacións culturais como os deportes, xogos tradicionais, danzas.

A área contribúe á competencia persoal, social e de aprender a aprender porque empra ao alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar superación, perseveranza e actitude positiva. Asemade desenvolve melloría en aspectos de organización individual e colectiva nas actividades físicas, deportivas e expresivas, mediante o coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias. Deste xeito permite o establecemento de metas que se poden acadar xerando autoconfianza. Ao mesmo tempo os proxectos comúns en actividades físicas colectivas favorecen a adquisición de recursos de cooperación. referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Desde esta perspectiva contribúe en certa medida á competencia dixital.

A área tamén contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística, ofrecendo gran variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico que esta área achega.

Esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática, no desenvolvemento da conduta motriz aspectos relacionados coa orde, as secuencias de accións, as traxectorias espaciais, as velocidades e a interpretación do comportamento motor a través de diversas unidades de medida

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

HORA DE LER

EDUCACIÓN INFANTIL:

Mochilas viaxeiras: Introdúcense nas mochilas aqueles libros escollidos da biblioteca escolar para ler na casa e cos da casa, iniciativa encadrada no programa "Hora de Ler" para o fomento da lectura, que busca apoiar ao profesorado no seu labor de implicación das familias nas actividades da biblioteca, e no empeño por conseguir que as nenas e os nenos desenvolvan hábitos de lectura.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

Lecturas recomendadas para distintas conmemoracións: Día de Rosalía, Educación en igualdade, emocións, Día da poesía, día da auga, día da muller traballadora, día da paz;

Cada titoría ten o seu itinerario lector que vai a utilizar na hora de ler

3º, 4º, 5º e 6º:

Lecturas dixitais na hora de ler (uso dos e- books)

Lecturas compartidas

Dramatización de lecturas sobre contos que son escollidos polos alumnos máis pequenos. Procedemento a seguir na hora de ler:

Lectura de libros, contos, historias.
Preguntas de comprensión lectura
Análise do título
Lectura coas imaxes ou pictogramas
Asociar as lecturas aos diferentes contidos de cada área ou de cada temática
Escoita atenta e activa dunha historia
Construír unha historia coas intervención de todos os alumnos a partir de palabras, ou ordenando frases
Construír unha historia empregando os escornabots, unindo nomes e accións, ou nomes e emocións,
Secuenciar partes dunha historia
Completar unha historia sen rematar: oralmente, debuxando ou escribindo
Cambiar partes dunha historia para construír unha historia nova.
Inventar finais distintos
Asumir o papel de protagonista dunha historia para desenvolver unha nova
Realizar actividades manuais relacionadas coas lecturas: debuxos, marionetas, minilibros
Descubrir datos concretos sobre as lecturas: autor, data, editorial,
Empregar o dicionario para buscar o significado de palabras descoñecidas para poder comprender o conxunto do texto a nivel global
Facer resumos de partes dunha historia e transmitilos de maneira oral aos compañeiros
Distinguir a idea central dunha historia das secundarias ou menos relevantes.
Utilizar textos con palabras entrecortadas para que sexan lidos polos os alumnos que van completando visualmente a grafía.
Empregar a técnica do subliñado para sinalar as ideas principais e as secundarias
Motivar ao alumnado con lecturas coas que se sintan identificados

TRATAMENTO DAS TICS

Metodoloxía xeral.-

- Permitirlle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.

- Cómpre utilizar, pois, na escola, métodos que lles permitan aos rapaces e ás rapazas identificar a necesidade de información, localizala, seleccionala e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados, así como responsabilizarse do seu uso ético e adecuado. Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autónomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

Obxectivos a conseguir:

- Xerar competencias e estratexias de coñecementos e dominio das TIC, comezando co proceso de alfabetización dixital conxuntamente cos demais procesos de adquisición de técnicas instrumentais, de xeito adaptado ás necesidades e individualidades de cada ún dos nosos alumnos.

- Facilitar o acceso ás TIC aos alumnos para favorecer a motivación e o autoaprendizaxe. Poner as TIC en mans dos alumnos, non só dos profesores.

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe para mellorar a calidade da educación e dos resultados escolares do noso alumnado.

- Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento, entendendo que o uso das TIC proporciona unha fonte de adquisición de información imprescindible hoxe en día.

- Desenvolver nos alumnos/as unha actitude crítica respecto da información atopada na rede e a súa fiabilidade

- Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de formación e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento.

- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.

- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.

- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

- Adquirir a competencia dixital, é dicir, formación de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA E A PREVENCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

Actividades a desenvolver:

- Potenciación de rutinas de tipo emocional (saúdos, agradecementos, pedir por favor, mostrar preocupación) nas que se precisen intercambios verbais cos compañeiros.

- Traballo en pequeno grupo.

- Actividades de dinámica de grupos.

- Xogos e actividades que fomenten o traballo cooperativo.

- Actividades que fomenten os actividades sociais nos alumnos e alumnas.
- Utilización de dramatizacións e situacións naturais para ensinar a pórse no punto de vista do *¿outro¿* e para expresar emocións e sentimentos (Voluntariado de Lectura). Tamén de situacións nas que saes prexudicado e tes que formular algunha queixa. Reflexionamos sobre a maneira de expresar as queixas e aceptalas.
- Dar oportunidades para tomar decisións consensuais.
- Fixación dos seus propios obxectivos e de mecanismos de auto-responsabilización.
- Reforzo positivo do esforzo, a participación e a cooperación.
- Debates sobre acontecementos da actualidade que axuden a resolver conflitos da clase.

Actividades de animación nas que os alumnos poidan desenvolver unha percepción de si mesmos, realista, vendo as súas capacidades e debilidades en relación ás habilidades necesarias para desenvolverse en situacións académicas, sociais, persoais e de relación cos demais.

- Posta en práctica nas actividades do Centro de valores de respecto ao compañeiro e ao adversario nos xogos de oposición, saber gañar e perder.
- Reflexión sobre as palabras adecuadas para facer cumpridos, para responder a eles e expresar como se senten ao dalos e recibilos.
- Reflexión acerca da importancia da cooperación á hora de realizar actividades e tarefas.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE E DIVERSIDADE

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visualiza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir *¿o correcto¿* e *¿o normal¿*. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

Tratarase de integrar e normalizar a diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

EDUCACIÓN PARA SAÚDE . ALIMENTACIÓN e ACTIVIDADE FÍSICA

Alimentación:

Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia dunha alimentación equilibrada e a relación entre esta e o estado de saúde, co fin de mellorar os hábitos alimenticios deste e, por conseguinte, contribuír a reducir problemas de saúde relacionados coa alimentación.

- Promover a adquisición de coñecementos significativos, que permitan a participación do alumnado na confección de dietas, que sexan cuantitativa e cualitativamente equilibradas.
 - Trasladar ás familias a importancia desta alimentación saudable, así como da súa colaboración.
 - Promover o peso adecuado.
 - Sensibilizar sobre os riscos do marketing comercial na venta de alimentos infantís.
 - Dar a coñecer a importancia do almorzo, a comida máis importante do día, durante a etapa escolar ("Almorzos saudables, a importancia do almorzo").
 - Incrementar e consolidar a proporción de froitas e hortalizas na dieta infantil ("Froita na escola" e o "Día da Froita" - todos os xoves-).
 - Dar a coñecer os beneficios da Dieta Mediterránea, como dieta saudable realizada polos nosos antepasados ("Ponlle as pilas ao teu bocata").
 - Fomentar no alumnado a importancia do cepillado de dentes despois das comidas.
 - Potenciar o coñecemento e a análise sobre o reparto da riqueza e os problemas de malnutrición no mundo.
- O obxectivo último que se persegue é un cambio das actitudes do alumnado, que repercuta no ámbito familiar e social.

Actividade física:

- Incrementar a participación nas diferentes modalidades deportivas.
- Beneficiarse do grande potencial educativo e formativo que aporta a práctica deportiva.
- Impulsar a función integradora e de cohesión social das carreiras.
- Manter e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida saudables.
- Fomentar os valores de solidariedade e convivencia.

EDUCACIÓN PARA A PAZ.

Traballarase a solidariedade, os valores, o compañeirismo e a xustiza social para todos os rapaces e rapazas do mundo e, ademais, pretenderase que nas actividades propostas participe o maior número dos compoñentes da comunidade educativa.

Desenvolveremos unha metodoloxía baseada na experiencia e na reflexión así como na resolución de problemas e a cooperación: a través dun proxecto concreto e real, promoveremos á adquisición de aprendizaxes significativos traballando sobre problemas e necesidades da propia comunidade así como alleos a esta. Isto permite que os nosos rapaces e rapazas se convertan en cidadáns activos e comprometidos, capaces de mellorar e cambiar o seu entorno de forma efectiva.

Pensamos que estas actividades son unha experiencia educativa que aporta multitude de valores polo que é importante que participen todos os nenos e nenas (dende Infantil ata Primaria) e o resto da comunidade educativa. Algúns dos obxectivos a conseguir son:

Fomentar a través da Educación Física os valores do esforzo e do traballo (a través das carreiras)

Inculcar nos máis novos un espírito crítico perante as inxustizas que sofre a infancia.

Solidarizarse cos máis desfavorecidos.

Defender os dereitos dos nenos e das nenas que precisan de axuda.

EDUCACIÓN PARA A SEGURIDADE VIARIA

- Desenvolver actividades de aprendizaxe para a prevención de accidentes de tránsito.

- Fomentar a autonomía e a seguridade persoal no alumnado a través de actividades educativas, poñendo especial coidado naqueles que presenten necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade.

- Promover a xestión organizada de todos os membros da comunidade educativa para intervir de maneira directa e proactiva no desenvolvemento da seguridade viaria.

- Desenvolver actitudes positivas en cada un dos membros da comunidade educativa, que lles permitan desenvolverse e conducirse adecuadamente na vía pública, como cidadáns e cidadás responsables, coñecedores dos seus dereitos nas aulas e noutros espazos da institución educativa.

EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E O MEDIO AMBIENTE

- Contribuír a un novo modelo de sociedade baseado na sustentabilidade

- Concienciar ao alumnado dos problemas ambientais e mostrarse sensibles ante eles.

- Fomentar interese na participación e mellora do medio.

- Desenvolver a capacidade dos alumnos e alumnas para informarse sobre aspectos descoñecidos sobre o medio ambiente.

- Ampliar os coñecementos sobre o entorno próximo: mantemento, recuperación e ampliación de zonas de cultivo de xardíns, de hortos,

- Reciclar selectivamente: orgánicos, plásticos, papel, cartuchos de tinta, tóner e pilas. Asemade introducir a reciclaxe de aceites domésticos e de medicamentos

- Favorecer as prácticas de modos de vida sostibles, baseados na utilización racional e solidaria dos recursos así como no goce respectuoso do medio.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

2.1. METODOLOXÍA NA EDUCACIÓN INFANTIL

A estratexia metodolóxica que rexerá a práctica educativa na aula baséase nunha serie de principios, así como na súa concreción en diferentes estratexias que, na medida do posible, deberán respectar os principios que a continuación se sinalan, tomados da conferencia impartida polo profesor Juan Carlos Pardo Pérez na I Xornada de Debate Aí o vai Educación, en maio de 2015:

- Principio de actividade. Postula que o coñecemento non é un proceso de recepción pasiva de información, senón o resultado da actividade propositiva que o suxeito realiza cos obxectos do mundo. Neste proceso activo, que arranca da curiosidade natural compartida por todos os organismos vivos, o suxeito trata de dar sentido á información en función do seu marco de referencia, xa sexan esquemas, estrutura cognitiva ou construtos persoais, segundo o enfoque teórico no que nos situemos. Se algo nos ensina o pensamento gotskiano é que o ser humano, a diferenza do animal, armado cunha ferramenta cultural tan poderosa como a linguaxe, enfróntase ao mundo mediante a actividade mental, de natureza conceptual. Non podemos renunciar á actividade mental que se promove desde a palabra transmitida por alguén que sabe do que ensina. Diría Ausubel que desde a transmisión tamén é posible propiciar a actividade do aprendiz creadora de comprensión significativa do mundo, a condición de partir do que xa sabe o alumno, de organizar lóxicamente a secuencia de contidos e de que o propio suxeito teña disposición para aprender; é dicir, de que se esforce vivamente por aprender.

- Principio de comunicación e diálogo. Implica unha concepción da educación na que ensinar e aprender han de ser entendidos como un proceso de intercambio cultural entre membros dunha comunidade. Esta visión da educación é apoiada por Bruner (1988), quen sostén que o neno se apropia do coñecemento nunha comunidade formada por

persoas que comparten un mesmo sentido das cousas. Pero para alcanzar esta comunalidade de sentido, é dicir, unha comprensión compartida do mundo, é necesario que ensinantes e aprendices participen en estruturas favorecedoras do intercambio, que se comprometan en actividades conxuntas, que negocien significados, porque para chegar a comprender hai que dicir e explicar, dudar e preguntar, debater e polemizar, analizar e argumentar, e razoar e deliberar.

- Principio de significación. O suxeito constrúe e reconstrúe continuamente o seu sentido do mundo, relacionando a nova información coa súa estrutura cognitiva previa, ou, se se quere dicir en termos máis xerais, co seu esquema referencial. Polo tanto, na medida en que as experiencias previas inflúen na aprendizaxe, calquera proceso de ensinanza e aprendizaxe, segundo a expresión de Ausubel, debe tomar como punto de partida o que "o aprendiz xa sabe". Este coñecemento por parte do profesorado permitiría orientar a acción educativa, desde a planificación ata o desenvolvemento docente, no sentido de adaptar obxectivos, de tomar as medidas máis oportunas de organización e estruturación dos contidos, de seleccionar os materiais e deseñar as actividades máis apropiadas para o punto de partida dos aprendices, de anticipar os niveis da axuda pedagóxica que deberemos utilizar co noso alumnado ¿

A necesidade de partir das experiencias previas do alumnado empeza a formar parte do saber e da práctica educativa do profesorado. É indubidable que se trata dunha condición básica, pero de ningún modo é o único requisito favorecedor ou promotor dunha aprendizaxe significativa. Deste modo, consideramos que os diferentes requisitos impulsores da construción de significados nas aulas poden ser condensados na seguinte proposición: canto máis ricos sexan os ambientes de aprendizaxe, canto máis traten de representar a complexidade do mundo real, cantas máis ocasións se dea ao alumnado para examinar os contidos desde múltiples perspectivas, cantas máis oportunidades se lles dea para comprender desde diferentes modos de representación (enactivo, icónico e simbólico), máis fácil é que se aprenda dun modo significativo.

- Principio de contextualidade. Danse dous sentidos ao concepto ¿contexto¿: por un lado, o de complexidade, que aspira a que o alumnado adquira comprensión multidimensionais do mundo fronte ao pensamento simplificador e reducionista que é activado polos libros de texto (producidos desde a perspectiva do que Bernstein -1977- denominou "curriculum puzzle", os libros de texto acostuman a presentar contidos illados, fragmentarios, fóra de toda relación e contexto, e ao marxe do marco dinámico no que se inscriben os conceptos cos que definimos o mundo natural, o mundo socio-cultural e o mundo dos artefactos humanos); por outro lado, o dos escenarios sociais nos que se producen os diferentes tipos de coñecemento humano (a visión reducionista aproveita un concepto que está de moda na educación escolar, como é a noción de "aprendizaxe situada", que mantén a idea de que a escola debe ser un espazo social no que se desenvolvan actividades cotiás para que o alumnado adquira significados de uso na vida diaria).

- Principio de reestruturación ou de reorganización conceptual. Calquera aprendizaxe significativa denota unha modificación ou transformación da estrutura cognitiva do suxeito e, polo tanto, entraña tamén un cambio dos conceptos e das proposicións conceptuais. O requisito básico para que se materialice unha reestruturación cognitiva e unha modificación dos seus elementos (conceptos e proposicións) é dispoñer na aula dun ambiente de traballo que dea aos aprendices a oportunidade de poñer en dúbida a súa comprensión do mundo, que os desafíe intelectualmente e lles ofrezca condicións para remodelar a visión que teñan do mundo. Os modelos dialóxicos de ensinanza e aprendizaxe ofrecen aos participantes a oportunidade de comprometerse en actividades compartidas, de intercambiar e "negociar" significados, de experimentar conflitos e controversias entre modos distintos de concibir o mundo, e por medio da discusión e do debate, da confrontación de ideas, do exame público de probas, do exame da validez dos argumentos e xustificacións, é posible chegar a compartir significados. Nin que dicir ten que o erro é considerado como unha esixencia frutuosa no marco da ensinanza dialóxica, porque a toma de conciencia do erro estimula a reflexión e a busca de supostos alternativos.

- Principio de autonomía, "autocontrol" ou capacidade de "auto-regularse". Estas deben ser as metas últimas dos procesos de ensinanza e aprendizaxe. Dito doutro modo, a finalidade de calquera acción educativa é que alumnas e alumnos terminen por aprender a aprender, de modo que cheguen a poder prescindir da axuda do profesorado. De acordo co que suxire este concepto de andamiaxe¿, o profesorado debe proporcionar o máximo de axuda ao inicio da aprendizaxe, graduando o nivel de asistencia, de apoio, que se presta ao alumnado no transcurso da realización das tarefas, para, pouco a pouco, ir cedendo o control ata que se traspasa completamente. Neste proceso, son fundamentais a interacción entre os participantes e a negociación constante de significados. As tarefas deben ser abertas, no sentido de permitir diversas posibles solucións, así como a utilización de diferentes estratexias de aprendizaxe.

- Principio de individualización. En todo momento, deberanse ter en conta as características propias de cada alumno/a. Dado que o desenvolvemento é distinto en cada persoa, a metodoloxía a empregar deberá ser flexible, e estar adaptada ao desenvolvemento evolutivo do alumnado e ás súas características individuais, respectando, de igual modo, o diferente ritmo de traballo e aprendizaxe de cada un.

Enumerados os principios metodolóxicos cabe facer especial atención ao traballo dende a perspectiva inclusiva, xa que será eixo vertebral da metodoloxía a implementar ao longo do curso. Strully e Strully (1990) expoñen algunhas formas básicas de conducir a aula cara as redes naturais de apoio avanzando así cara unhas aulas que aceptan positivamente as diferenzas entre o alumnado. Isto supón formular a ensinanza contando co propio alumnado como apoio: os sistemas de aprendizaxe en grupo cooperativo, os sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros (Ovejero, 1990; Pujolas, 2001), así como a creación de comunidades e redes de axuda entre compañeiros, tanto entre profesores (Parrilla e Daniels, 1998) como alumnos (Snow e Forest, 1987).

A aprendizaxe cooperativa é un enfoque que trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas

nunha experiencia social e académica de aprendizaxe. Os estudantes traballan en grupo para realizar as tarefas do xeito máis colectivo. A aprendizaxe neste enfoque depende do intercambio de información entre os estudantes, que están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar os logros dos demais. Baseado en grupo heteroxéneos para o desenvolvemento de diversas actividades pode implementarse a través de diversos instrumentos de traballo, xa que as interaccións na aula danse de xeito espontáneo. É importante ter en conta a formación de grupos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS NA EDUCACIÓN INFANTIL

- Destacar a importancia do xogo e da actividade para as aprendizaxes.
- Importancia da afectividade no proceso de ensino-aprendizaxe. Os nenos/as deben de sentirse seguros e confiados.
- Partir dos esquemas de coñecemento do alumnado. A mestra é mediadora entre o alumnado e a cultura.
- Crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatizar ou ridiculizar.
- Animar ós nenos/as a superar desafíos, perseverando e fomentando a tolerancia á frustración.
- Evitar valorar máis os acertos que os erros. Equivocarse é un paso máis do proceso de aprendizaxe.
- Estimular a creatividade , contrarrestando estereotipos e convencionalismos.
- Respetar as características individuais do alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Dotar ao alumnado de estratexias que lle permitan adquirir aprendizaxes de maneira autónoma.
- Promover o traballo colaborativo e en equipo.
- Potenciar no alumnado relacións interpersoais positivas (baseadas no respecto ás persoas , nas diversas comunidades ás que pertence, así como normas e valores da sociedade), comportamentos solidarios e de cooperación de cara a promover actitudes non discriminatorias.
- Proporcionar diversos contextos de aprendizaxe non so o escolar: rúas, hortos, exposicións, museos, bibliotecas, ¿
- Propiciar experiencias onde teñan cabida as relacións con nenos e nenas doutras aulas e con outras persoas adultas para que vaian ampliando as súas relacións enriquecendo así o seu proceso de socialización.
- Tratar de promover diferentes opinións sobre determinados feitos e fenómenos, estimulando a discusión entre eles, facéndolle preguntas ou invitándoos a formular hipóteses.
- Organizar diversas formas de agrupamentos para atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza: gran grupo, pequeno grupo e individuais.

METODOLOXÍA NA EDUCACIÓN PRIMARIA

A estratexia metodolóxica que rexerá a práctica educativa na aula baséase nunha serie de principios:

Principio de actividade. Postula que o coñecemento non é un proceso de recepción pasiva de información, senón o resultado da actividade propositiva que o suxeito realiza cos obxectos do mundo. Neste proceso activo o alumno trata de dar sentido á información, partindo do que xa sabe o alumno, de organizar lóxicamente a secuencia de contidos e de que teña disposición para aprender; é dicir, de que se esforce vivamente por aprender.

Principio de comunicación e diálogo. Implica unha concepción da educación na que ensinar e aprender han de ser entendidos como un proceso de intercambio cultural entre membros dunha comunidade. É necesario que ensinantes e aprendices participen en estruturas favorecedoras do intercambio, que se comprometan en actividades conxuntas, que negocien significados ¿, porque para chegar a comprender hai que dicir e explicar, dudar e preguntar, debater e polemizar, analizar e argumentar, e razoar e deliberar.

Principio de significación. O suxeito constrúe e reconstrúe continuamente o seu sentido do mundo, relacionando a nova información coa súa estrutura cognitiva previa. Na medida en que as experiencias previas inflúen na aprendizaxe, calquera proceso de ensinanza e aprendizaxe, debe tomar como punto de partida o que "o aprendiz xa sabe". Este coñecemento por parte do profesorado permítenos orientar a acción educativa, desde a planificación ata o desenvolvemento docente, no sentido de adaptar obxectivos, de tomar as medidas máis oportunas de organización e estruturación dos contidos, de seleccionar os materiais e deseñar as actividades máis apropiadas para o punto de partida dos aprendices, de anticipar os niveis da axuda pedagóxica que deberemos utilizar co noso alumnado .

Principio de contextualidade. Danse dous sentidos ao concepto ¿contexto¿: por un lado, o de complexidade, que aspira a que o alumnado adquira comprensión multidimensionais do mundo fronte ao pensamento simplificador; por outro lado, o dos escenarios sociais nos que se producen os diferentes tipos de coñecemento humano.

Principio de reestruturación ou de reorganización conceptual. Para que se materialice unha reestruturación cognitiva e unha modificación dos seus elementos (conceptos e proposicións) teremos que dispoñer na aula dun ambiente de traballo que dea aos aprendices a oportunidade de poñer en dúbida a súa comprensión do mundo, que os desafíe intelectualmente e lles ofrezca condicións para remodelar a visión que teñen deste. É posible chegar a compartir significados a través de intercambiar vivencias, de experimentar conflitos e controversias entre modos distintos de concibir o mundo, por medio da discusión e do debate e da confrontación de ideas.

Principio de autonomía, "autocontrol" ou capacidade de "auto-regularse". O profesorado debe proporcionar o máximo de axuda ao inicio da aprendizaxe, graduando o nivel de asistencia, de apoio, que se presta ao alumnado no transcurso da realización das tarefas, para, pouco a pouco, ir cedendo o control ata que se traspasa completamente. Neste proceso, son fundamentais a interacción entre os participantes e a negociación constante de significados.

Principio de individualización. En todo momento, deberanse ter en conta as características propias de cada alumno/a. Dado que o desenvolvemento é distinto en cada persoa, a metodoloxía a empregar deberá ser flexible, e estar

adaptada ao desenvolvemento evolutivo do alumnado e ás súas características individuais, respectando, de igual modo, o diferente ritmo de traballo e aprendizaxe de cada un.

Enumerados os principios metodolóxicos cabe facer especial atención ao traballo dende a perspectiva inclusiva, xa que será eixo vertebral da metodoloxía a implementar ao longo do curso. Isto supón formular a ensinanza contando co propio alumnado como apoio: os sistemas de aprendizaxe en grupo cooperativo, os sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros, así como a creación de comunidades e redes de axuda entre alumnos, profesores e familias.

Estableceranse tarefas extraescolares para o adecuado desenvolvemento das competencias clave, atendendo aos distintos procesos e ritmos de aprendizaxe e tendo en conta o principio de progresividade.

Procurarase un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer.

A aprendizaxe cooperativa é un enfoque que trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas nunha experiencia social e académica de aprendizaxe. Os estudantes traballan en grupos heteroxéneos para realizar as tarefas do xeito máis colectivo. A aprendizaxe neste enfoque depende do intercambio de información entre os estudantes, que están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar os logros dos demais. É importante ter en conta a formación de grupos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

Concrecións metodolóxicas

En todas as áreas (agás as especialidades) levaranse á práctica as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Crear un clima de seguridade e confianza.
- Partir dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento.
- Realizar tarefas, exercicios e actividades a partir de escenarios reais e vinculados ás problemáticas da vida cotiá partindo do nivel evolutivo de cada alumno/a, que os leve a empregar o razoamento e a busca e tratamento da información.
- Incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Desenvolver estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes en calquera soporte e formato.
- Desenvolver estratexias de expresión oral que contemplan todos os seus aspectos a valorar (orde, vocabulario, dicción ...)
- Utilizar unha linguaxe clara na presentación de novos contidos.
- Gradación da dificultade das actividades.
- Uso do erro como mecanismo de mellora.
- Reflexión sobre resultados acadados nas distintas actividades.
- Realización de exercicios e traballos de xeito eficaz.
- Prevención o máis axiña posible das dificultades de aprendizaxe, para axeitar mecanismos de reforzo, ben organizativos ou de apoio as que se detecten as mesmas
- Traballar dende unha perspectiva cooperativa porque promove a implicación activa do estudante no proceso de aprendizaxe. O alumno non é un mero espectador pasivo senón que actúa sobre o seu propio proceso de aprendizaxe. Facilita a implicación de TODOS os estudantes. ¿Aprender con outros? (Prieto, 2007: 49), favorecendo, deste xeito, que compartan coñecementos, recursos, axuda e apoio e potenciando a aprendizaxe activa, significativa, comunicativa, inclusiva, activa e participativa.
- Traballar por proxectos o que permite aos alumnos adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades. Buscar orientacións e facer uso delas. Apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades en diversos contextos mediante a elaboración de proxectos que dean resposta a problemas da vida cotiá. Os alumnos convértense en protagonistas da súa propia aprendizaxe e desenvolven autonomía e responsabilidade. O labor do docente é apoialos e guíalos no proceso.
- Facer propostas que incrementen a capacidade de memoria, melloren a concentración e escoita, favorezan a lóxica matemática e axilicen o cálculo mental
- Coordinación entre todos os profesionais que interveñen.
- Establecer tarefas extraescolares para o axeitado desenvolvemento das competencias claves, atendendo aos distintos procesos e ritmos de aprendizaxe e tendo en conta o principio de progresividade.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias, procurando un adecuado encaixe na vida das mesmas, de xeito que se facilite a intervención activa na aprendizaxe dos seus fillos e fillas e a conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.

Concrecións metodolóxicas na área de Lingua Estranxeira

No artigo 15 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que nesta etapa se poñerá especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A área de Lingua Estranxeira debe introducir aos alumnos na aprendizaxe do inglés como o adestramento para o uso activo do Inglés; para comunicarse no mundo real coa lingua que aprenderon. Centrarémonos en contextos familiares para os alumnos desta idade, aproveitando os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe. Fomentarase un uso da lingua contextualizado en situacións comunicativas propias de diversos ámbitos e que permitan un uso da lingua real e motivador.

Para desenvolver a comprensión oral poñeranse en xogo estratexias que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá.

Os alumnos realizarán variedade de actividades, audición, interpretación, debuxo, colorear, relacionar, rodear, preguntar e dar información, ...

A metodoloxía poderíamos resumila en:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, e actividades que traballan contidos fundamentais. Están ordenados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.
- Fichas de reforzo para traballar os aspectos con máis dificultade. ¿ Utilización de DVD, CDs como material complementario.

Concrecións metodolóxicas na área de Educación Musical

A música está presente nas nosas vidas e forma parte no desenvolvemento artístico do alumnado de primaria. O propósito principal será o de favorecer a percepción e expresión musical mediante actividades de escoita, de interpretación e de creación musical. As sesións serán o máis participativas posible de maneira que o alumnado poida continuar a súa aprendizaxe da forma máis dinámica posible.

Daráselle unha gran importancia á experimentación e intentarase espertar o interese pola música en xeral, en especial polo canto, a interpretación instrumental, o coñecemento do patrimonio musical e a danza. Planearanse diferentes tipos de actividades, o máis variadas posibles, para permitir que todo o alumnado poida gozar e avanzar no seu desenvolvemento persoal a través da música.

Nas actividades de percepción, realizaranse audicións de pezas musicais de diversas culturas e épocas, escoitaranse instrumentos musicais presentes na aula e fóra dela a través de soportes dixitais. A interpretación e a expresión musicais basearanse na exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo, obxectos, e algúns instrumentos. A partir de cuarto de primaria o alumnado interpretará pezas do progresiva dificultade coa frauta doce.

Realizaranse tamén actividades relacionadas co movemento e a danza, memorizando secuencias de movementos e preparando coreografías para pezas breves. Finalmente, introducirase progresivamente a notación musical como medio de representación da música, utilizando en principio grafías non convencionais e así avanzar no seu coñecemento.

Concrecións metodolóxicas na área de Educación Física

A metodoloxía pretende responder a unha das principais tarefas do mestre, é dicir, á de decidir que facer cos alumnos/as, cando e como facelo.

Nas miñas sesións, utilizarei varios métodos, en función dos obxectivos e das características das propias sesións, centrándome nunha metodoloxía baseada na ensinanza mediante a busca, o cal non implica que en determinadas situacións ou actividades utilice unha metodoloxía baseada na instrución directa.

Un dos recursos de maior valor é a utilización do xogo como elemento de traballo nas sesións de educación física. Aprender a aprender é sen dúbida o obxectivo máis ambicioso da ed. Escolar. Equivale a realizar aprendizaxes significativos nunha ampla gama de circunstancias e situacións.

En definitiva, a metodoloxía nas sesións será globalizadora, participativa e lúdica, fomentando nos nenos/as a

exploración, o descubrimento, a creatividade e sobre todo a valoración das propias posibilidades; e todo isto, a través do xogo, o cal fomenta estas características. Trataré de evitar a eliminación e os grandes grupos con escaso material; o que interesa é que o neno/a estea en continua acción.

Os principios que rexen os xogos ou actividades que realizamos son:

Actividade, o neno/a debe ser o/a protagonista do proceso e dos xogos ou actividades. O neno/a ten que inventar novas situacións, potenciando a CREATIVIDADE.

Tódolos xogos e actividades faranos indistintamente nenos/as, traballando e potenciando a COEDUCACIÓN.

INDIVIDUALIZACIÓN, todos os rapaces teñen un desenvolvemento individual e diferente.

SOCIALIZACIÓN, fomentar a sociabilidade cos demais, cooperación e actitudes de responsabilidade dentro do grupo.

Carácter lúdico. Utilizarei o corpo como medio e recurso didáctico.

Agrupamentos. Dado que a base fundamental dos procesos de aprendizaxe serán o xogo, os agrupamentos serán flexibles, tendendo á distribución de xogos e propostas simultáneas. Uns agrupamentos que faciliten a metodoloxía colectiva (todos xogando, cada un ao seu nivel) e fomentando a actitude autónoma de participación e goce.

As sesións estrutúranse do seguinte xeito:

Traslado e Fase de información

Quecemento ou posta en funcionamento

Parte principal (logro dos obxectivos didácticos)

Volta á calma

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino-aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa.

O artigo 15. Principios metodolóxicos do Decreto 105/2014 sinala de maneira resumida que: Nesta etapa poñerá especial énfase na atención á diversidade; a metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa; terase en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe; tempo de lectura de polo menos 30 minutos.

No Anexo II, Disciplinas específicas, na Área de Educación Física establécense unha serie de orientacións metodolóxicas que favorecerán un enfoque competencial: As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado; Débese potenciar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación; Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Enumerados os principios metodolóxicos cabe facer especial atención ao traballo dende a perspectiva inclusiva, xa que será eixo vertebral da metodoloxía a implementar ao longo do curso. Isto supón formular a ensinanza contando co propio alumnado como apoio: os sistemas de aprendizaxe en grupo cooperativo, os sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros, así como a creación de comunidades e redes de axuda entre alumnos, profesores e familias.

Estableceranse tarefas extraescolares para o adecuado desenvolvemento das competencias clave, atendendo aos distintos procesos e ritmos de aprendizaxe e tendo en conta o principio de progresividade.

Procurarase un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer.

A aprendizaxe cooperativa é un enfoque que trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas nunha experiencia social e académica de aprendizaxe. Os estudantes traballan en grupos heteroxéneos para realizar as tarefas do xeito máis colectivo. A aprendizaxe neste enfoque depende do intercambio de información entre os estudantes, que están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar os logros dos demais. É importante ter en conta a formación de grupos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

RECURSOS

Recursos humanos

Profesorado do Colexio.

Conserxe e persoal de

limpeza Colaboradores do

comedor Coidadoras do

autobús

Os propios alumnos

As familias

Coidador/a para alumnos con neae

Outros profesionais que participan puntualmente nalgunha actividade

Recursos materiais

- Material funxible de uso escolar
- Libros de texto, ademais dos establecidos no nivel empregaranse outros coa finalidade complementar o proceso de ensino- aprendizaxe
- Libros de lectura
- Libros de consulta (dicionarios, enciclopedia)
- Material didáctico para cada unha das áreas
- Materiais de elaboración propia
- Materiais de desfeita
- Ordenador, reprodutor de CD, encerado dixital, cámara de vídeo, e- books, tablets, etc.
- Os materiais de uso común terán que ser desinfectados para volver a empregalos.
- Materiais específicos de ciencias: compás, lupa, cronómetro, termómetro, tesoiras, pinzas, cámaras fotográfica, diarios de campo, microscopio, lupa binocular e outro material de laboratorio.
- Debuxos, fotografías, películas, carteis...
- Museos, exposicións.
- Mapas, planos, atlas, globos.
- Medios de comunicación.
- Biblioteca da aula e do colexio como centro de recursos de información (libros, biografías, enciclopedias, atlas, mapas, planos, carteis, etc)
- Fichas de reforzo e ampliación
- Material funxible de uso escolar
- Libros de texto, ademais dos establecidos no nivel empregaranse outros coa finalidade complementar o proceso de ensino- aprendizaxe
- Libros de lectura
- Libros de consulta (dicionarios, enciclopedia)
- Material didáctico para cada unha das áreas
- Materiais de elaboración propia
- Materiais de desfeita

Recursos dixitais

- Internet (distintas páxinas de información e didácticas, vídeos, xogos online e outros recursos da rede)
- Páxina web do colexio, blog de aula.
- Libro dixital.
- Aula virtual.
- aula de polos creativos
- Material Digicraft
- Biblioteca creativa
- Radio na escola

Recursos do entorno

- Recursos achegados polas familias
- A propia contorna como recurso (Concello, Pazo de Oca, sobreira de Valiñas, a Lagoa Sacra, Carballeira de Pousada, Fervenzas)
- Xardín da poesía "María Porto Puente"
- Pinacoteca " Paco Lareo"
- Horta escolar. Xardín das plantas aromáticas
- Aula da natureza no patio escolar

Recursos específicos de Educación Infantil.

- Material impreso (cadernos, proxectos, contos, láminas, pictogramas, fotografías, etc)
- Material funxible e de refugallo: papeis diversos, pinturas, pastas de modelaxe, teas, folios, materiais vexetais, envases.
- Recursos TIC: CDs, DVDs, proxector, cámara fotográfica, lámpadas, TV, vídeo, encerado dixital, ordenador...
- Tablet e robots
- Recursos da aula: xogos, xoguetes, ordenador, PDI, recantos, encerado, mobiliario, etc
- Recursos do centro: patio, xardín, biblioteca, pavillón, aula de informática, salón de actos,

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Non hai oferta educativa de optatividade coa aplicación da LOMLOE en todos os cursos de primaria

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só

un incremento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos.

Por outra parte, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, participación e cooperación.

Asemade estas actividades axudan a melloras as relacións entre alumnos e alumnas e axúdalles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.

As actividades complementarias e extraescolares deberán contribuír a reforzar a consecución dos obxectivos académicos e ao desenvolvemento das competencias clave:

1. Competencia en comunicación lingüística.(CCL)
2. Competencia Plurilingüe (CP)
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
4. Competencia dixital (CD)
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender.(CPSAA)
6. Competencia cidadá (CC)
7. Competencia emprendedora(CE)
8. Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para a súa selección terase en conta a Memoria do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do curso anterior.

Intentase distribuír a súa realización ao longo dos tres trimestres, evitando que se acumulen en períodos concretos.

Será necesario que a Xefatura de Estudos, previa a información recibida da actividade a desenvolver, reorganice os horarios do xeito máis adecuado para o bo funcionamento do Centro. Todos os profesores deben ser informados das actividades complementarias e extraescolares a desenvolver, nas reunións informativas ou a través de email.

Ao inicio de cada curso realízase una proposta de actividades complementarias que constan na Programación Xeral anual. Cando se queira realizar una nova actividade non programada, por razón de oportunidade ou necesidade didáctica, débese informar con suficiente antelación ao Equipo directivo para a súa consideración e aprobación pertinente polo Consello Escolar.

Cada grupo de alumnos deberá ir acompañado preferentemente polo profesor titor, respectando a rateo dun docente cada 10 alumnos/as. Poderase indicar a preferencia da presenza dun ou outro especialista sempre que os horarios o permitan.

O profesorado que organice as actividades programará tarefas alternativas para aquel alumnado que non participe nas actividades.

Recomendase ao profesorado responsable das actividades complementarias realizar fotos e/ou vídeos das mesmas de cara á elaboración dunha memoria gráfica do curso

Os obxectivos que se perseguen serán:

- a. Promover a participación activa do alumnado nas actividades extraescolares (organización e desenvolvemento) que impliquen unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre e ocio.
- b. Facilitar aquelas actividades que completen o desenvolvemento integral e que desenvolvan a autoestima dos alumnos e alumnas.
- c. Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural que sexan ofertados por organismos distintos ao centro educativo.
- d. Estimular o desexo de investigar e saber.
- e. Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno
- f. Promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro e ao grupo.
- g. Mellorar as relacións entre alumnos e alumnas fóra da aula e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- h. Posibilitar o acceso a estas actividades a todos os alumnos e alumnas para ampliar o seu horizonte cultural.
- i. Reforzar os obxectivos académicos a través da participación do alumnado ao poñerse en contacto co medio natural e sociocultural.
- j. Espertar o sentido da responsabilidade e da propia autonomía. Conseguir alumnos activos que sexan capaces de aprender observando e realizando.
- k. Favorecer e practicar a dimensión lúdica do ensino, para lograr un ambiente de traballo distendido.
- l. Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais ao ofertar a posibilidade da participación de todos os alumnos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Segundo o Decreto 105/2014, de 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e /ou criterios sobre o uso das tarefas extraescolares na educación primaria.

As tarefas extraescolares deben favorecer:

- Afianzamento dos novos coñecementos a través do traballo persoal.
- Crear hábito de traballo que favoreza a autonomía do alumno e que procure, progresivamente, responsabilizar ao alumno do seu proceso de aprendizaxe.
- Finalizar tarefas comezadas na clase que permitan recuperar o traballo que, por ter distintos ritmos de aprendizaxe, non se puido rematar na aula.

- Intentarase que o tempo diario que dediquen á realización destas tarefas non exceda de 40 minutos diarios.
 - Favorecer a responsabilidade dos alumnos /as na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo
 - Establecer tarefas extraescolares para o axeitado desenvolvemento das competencias claves, atendendo aos distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta o principio de progresividade.
 - Procurar que as tarefas propostas non sexan repetitivas, senón que sexan tarefas creativas ou de busca de información.
 - Favorecer a participación e colaboración coas familias, procurando un adecuado encaixe na vida das mesmas, de xeito que se facilite a intervención activa na aprendizaxe dos seus fillos e fillas e a conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
 - Coordinación entre o profesorado que imparte clase a un curso para que o volume de tarefas extraescolares propostas non supoña un emprego de tempo superior a 40 min. diarios.
 - Organizar as tarefas escolares ao longo da semana cun calendario onde o encargado de clase anotará os traballos extraescolares propostos. Este calendario estará exposto no taboleiro da clase.
 - Anotar nas axendas persoais as tarefas extraescolares propostas , que sirvan de comunicación entre os mestres e as familias .
- Desde as titorías velarase polo cumprimento destes criterios.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Durante o curso valorarase:

- Actitude do alumno en canto a adquisición de rutinas e hábitos de traballo.
- Revisión de cadernos e de traballo, valorando moi positivamente a orde e limpeza da presentación dos mesmos.
- Traballo en grupo
- Mostra de interese polo traballo a desenvolver
- Implicación da familia: seguimento da axenda escolar, realización de tarefas extraescolares, organización de traballo...

Actuacións e medidas a desenvolver

- Reforzo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Agrupamentos flexibles sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado o permita.
- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe
- Actuación do Departamento de Orientación sempre que sexa necesario
- Participación no programa PROA
- Metodoloxía específica
- Organización de contidos

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Tendo en conta como referencia o Plan de atención á diversidade, o Plan de Acción tutorial e o Plan de Orientación, así como a lexislación vixente, especificamos as medidas a tomar co alumnado que deba permanecer un ano máis nun nivel.

Poderase aumentar a escolarización nun ano con respecto do disposto con carácter xeral (Decreto 229/2011 e a Orde do 9 de xuño de 2016), no caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil, é dicir, un segundo ano máis con carácter excepcional (orde do 27 de decembro de 2002)

Esta é unha medida ordinaria que ten como finalidade adquirir as capacidades básicas necesarias para enfrontarse con máis garantías de éxito no seguinte nivel.

Complementariamente a esta medida adoptaranse as máis convenientes das existentes, sen prexuízo das medidas ordinarias, reforzo educativo, que marca a normativa vixente nestes casos.

Segundo se indica no Plan de Atención á diversidade, o alumnado repetidor debeu seguir nos dous anos anteriores un programa de RE ou unha ACS. A última decisión en canto a permanencia dun alumno/a un ano máis no nivel será do equipo de profesorado coordinado polo titor/a do alumno ou alumna.

Os criterios a ter en conta para a aplicación desta medida son os seguintes:

- Para que un alumno/a promocióne ou permaneza un ano máis nun nivel será necesario que así o aconselle o equipo educativo que intervéñ con el/ela, primando o criterio do titor/a.
- Segundo a lexislación vixente, o alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que acade o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez acorde á súa idade.
- Accederá igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non acadadas non sexan obstáculo para seguir

satisfactoriamente o novo nivel, adoptando as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para

a recuperación desas aprendizaxes, así como dun plan específico de recuperación nas áreas de cualificación negativa.

- A permanencia dun ano máis nun curso só se poderá levar a cabo unha vez ao longo da etapa educativa e terá que ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.

- Á hora de tomar decisións sobre a conveniencia ou non de repetir curso deberán terse en conta: as características do alumno/a, o ámbito de socialización, a integración no grupo, os recursos e as condicións que reúne o centro.

As medidas que se poderán tomar serán:

- RE polo profesorado de área.

- RE polo profesorado de área coa colaboración do profesorado especialista en PT e/ou AL.

- ACS coa colaboración do profesorado especialista en PT e/ou AL. Nos casos de RE, explicitaranse as medidas organizativas adoptadas no correspondente documento de reforzo educativo.

Este documento deberá incluír os seguintes epígrafes:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a permanencia un ano máis no mesmo curso.

c) Medidas de atención á diversidade adoptadas.

d) Medias de atención á diversidade que se estiman oportunas de cara ao vindeiro curso académico.

e) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

f) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan

g) Acreditación da información á familia.

Prestarase especial atención en:

- Procurar a integración e adaptación do alumnado repetidor no novo grupo, para o que se terán en conta as orientacións dos titores/a.

- Conseguir a motivación e interese do alumnado repetidor cara ás súas actividades escolares e a adquisición de hábitos de traballo e estudo acordes coa súa idade.

- Elixir materiais motivadores, evitando a repetición constante das mesmas actividades realizadas o curso anterior.

Realizarase un seguimento periódico da evolución do alumnado para modificar o programa de reforzo en función dela. Neste seguimento participará todo profesorado implicado

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por unha banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso.

Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.

Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

Banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula.

É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun mestre/a de apoio especialista.

No referente ao traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnos/as ás aprendizaxes.

En canto a avaliación do plan de reforzo, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que se estimen oportunos. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación do alumnado será continua, global, formativa e integradora tendo en conta o conxunto de todas as áreas do currículo.

Cada área ten establecidas unhas rúbricas nas que están establecidos os mínimos para pasar de nivel. Ao final da etapa de primaria hai que lograr:

- Conseguir unha destreza lectora e un vocabulario amplo que capacite ao alumnado para abordar contidos aos que se teñen que enfrontar nos niveis superiores.
- Acadar unha comprensión lectora en diferentes soportes que os leve a integrar os diferentes materiais curriculares de cursos superiores.
- Acadar unha expresión escrita coherente, comprensible, saber realizar resumos e captar as ideas básicas dun texto; presentando traballos organizados, cunha caligrafía clara e unha ortografía adecuada.
- Acadar unha expresión oral cun uso de vocabulario adecuado e expresiva que serva para comunicase cos demais en diferentes contextos.
- Iniciarse nas tics como medio informático para buscar información e adquirir novas aprendizaxes.
- Na área de matemáticas prestarase especial atención á resolución de problemas levando a destreza matemática á interrelación coa vida cotiá.
- Coñecer e valorar o patrimonio natural e cultural, respectando a diversidade e o interese polo medio ambiente e a natureza e colaborar de forma activa na súa conservación.
- Dotar ao alumnado de habilidades e destrezas que favorezan a incorporacións de novas aprendizaxes.

Ao longo do curso levaranse a cabo tres sesións de avaliación, presididas polo titor/a e á que asistirán os especialistas que impartan algunha área ao grupo, a/o especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe (se traballa con algún alumnado deste nivel) segundo corresponda e o/a orientador/a.

Deste xeito permitirá realizar unha avaliación do grupo, establecendo medidas de reforzo para un desenvolvemento coherente das aprendizaxes e das competencias clave.

Procedementos de avaliación do alumnado

Entendemos por procedemento o método que se vai empregar para avaliar o progreso do alumnado e o método que se vai utilizar para implementar reforzos, apoios e recuperacións.

Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ao comezo do curso e introducirase o seu resultado no programa Xade antes do día 15 de outubro.

Tendo en conta as revisións trimestrais realizadas polos distintos equipos docentes das programacións e recollendo as propostas de mellora presentadas decídese que a recollida de información sexa feita da seguinte forma: Nos primeiros días do mes de setembro os titores recollen información sobre os alumnos da súa titoría a través:

- Recollida de datos que constan nos arquivos custodiados na Secretaría do Centro,
- Datos que poden ser facilitados desde o departamento de Orientación,
- Reunións de mestres de niveis consecutivos para realizar unha posta en común de informacións sobre os alumnos que promocionan de curso

Os titores levarán a cabo unha avaliación inicial para adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión de aprendizaxes recadando información sobre o grao de desenvolvemento das competencias claves. Esta avaliación inicial será o punto de partida das programacións de aula adoptando medidas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación a cada alumno/a individualmente tentando acadar os obxectivos mínimos das diferentes áreas do currículo.

A finalidade de realizar avaliación inicial para os docentes está en saber cales son os coñecementos, os contidos, as habilidades e grao de razoamento que posúe o alumnado para poder establecer un plan de traballo anual e asentar aprendizaxes significativas para así acadar as competencias clave.

Para realizar a avaliación inicial contamos con:

Recollida de información das avaliacións realizadas en cursos anteriores.

Probos de lectura para valorar o grao de comprensión, velocidade lectora, ritmo, entoación e expresividade.

Oralidade para observar a expresión oral, destrezas de manifestacións verbais, emprego de vocabulario,;

Probos de lecturas orais, por parte do titor para observar o grao de atención, retención de datos e comprensión de textos.

Proba en lingua galega e castelán para observar a expresión escrita, vocabulario e a ortografía.

Probos de matemáticas sobre o sistema numérico, cálculo e razoamento matemático.

Poñerase especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Avaliación final. Criterios de promoción de curso

Será realizada ao final de cada curso e considerarase que o alumnado pode promocionar cando se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, segundo a Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación Primaria na comunidade Autónoma de Galicia e a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación en educación primaria

Tal e como recolle a Orde do 25 de xaneiro de 2022, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A promoción nos restantes cursos da etapa será automática. Seguindo o Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se regula a Atención á Diversidade, esta é unha medida ordinaria pero que terá un carácter excepcional.

Deste xeito, e segundo o recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade e na lexislación vixente, adoptárase esta medida unha vez esgotadas outras medidas ordinarias:

- RE polo profesorado de área ou polo profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Adecuación da estrutura organizativa e da xestión da aula.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

Os criterios a ter en conta para a aplicación desta medida son, a maiores dos comentados segundo o que dita a lexislación vixentes, os seguintes:

- O alumno ou alumna accederá igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non acadadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel, adoptando as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación desas aprendizaxes, así como dun plan específico de recuperación nas áreas de cualificación negativa.

- Á hora de tomar decisións sobre a conveniencia ou non de repetir curso deberán terse en conta: as características do alumno/a, o ámbito de socialización, a integración no grupo, os recursos e as condicións que reúne o centro.

Seguindo a mesma normativa, poderase aplicar como medida de atención á diversidade extraordinaria, logo de ter esgotadas todas as ordinarias, unha flexibilización na etapa de educación infantil e outra na etapa de educación primaria. Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Criterio xeral de promoción: O/A alumno/a accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Criterios de promoción para primaria: Un/unha alumno/a promocionará ao curso seguinte nos seguintes supostos:

- Que obteña cualificación positiva en todas as áreas.
- Se obtén cualificación negativa só nunha das áreas do curso.
- Se obtén cualificación negativa en dúas áreas do currículo sempre que unha delas non sexa área instrumental.

Polo tanto, non promocionará de curso nos niveis de 2º, 4º e 6º, se obtén cualificación negativa en dúas áreas do currículo se estas son instrumentais, sempre e cando se considere esta medida a máis axeitada para o alumno ou alumna.

Neste caso o Equipo Docente valorará:

1. Grao de madurez e circunstancias persoais do alumnado (idade cronolóxica, causas xustificadas de faltas de asistencia, situación familiar, incorporación tardía..)
2. Análise e valoración das medidas de atención á diversidade
3. Capacidade de traballo e implicación.
4. Integración no grupo-clase

que poden variar a decisión sobre a súa promoción.

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación de área.

Os instrumentos son todos aqueles documentos, rexistros empregados polo profesor para a observación sistemática e seguimento do proceso da aprendizaxe do alumnado que axudarán a decidir a pertinencia de adoptar medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

-Técnicas de observación: Rexistro anecdótico/ Listas de control /Escalas de observación /Diario de clase

-Revisión das tarefas do alumnado: Análise do caderno de clase/ Análise das producións

-Probas específicas: Probas obxectivas/ Probas de composición: redaccións, poemas, resumos, ζ

-Entrevistas

-Autoavaliación

-Coavaliación

Segundo o Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, o profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparar o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado con obxectividade, tal e como dicta a orde do 2 de marzo de 2021, realizarase a avaliación tendo en conta o seguinte:

Instrumentos de avaliación Valores

Probas escritas 40%

Probas orais 20%

Escalas de observación/ valoración 20%

Portfolio 10%

Rúbricas de tarefas integradas 10%

Como criterio xeral, a cualificación final nunha área calcularase facendo a media aritmética das cualificacións correspondentes a cada un dos trimestres. Se o resultado é un nº decimal redondearase á unidade máis próxima, tendo en conta que si a cifra das décimas é menor que 5, a cifra das unidades queda igual e si é 5 ou maior que 5 a cifra das unidades aumenta unha unidade.

No entanto, o equipo docente na reunión da xunta de avaliación, atenderá a diversidade, entendendo que abarca a todo o alumnado e valoraranse aspectos como:

- Integración do alumno no grupo- clase

- Grao de madurez e circunstancias persoais do alumnado e desenvolvemento socio- afectivo.

- Capacidade de traballo e implicación do alumnado no proceso de aprendizaxe

- No alumnado con NEAE tomarase una decisión consensuada do equipo docente, despois de escoitar a valoración do profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

- Nos alumnos con Adaptación Curricular tomaranse como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Criterios xerais do outorgamento de Mencions Honoríficas

Tendo en conta o punto 4 do artigo 5 da Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado en educación Primaria, o titor, oído o equipo docente, outorgará "Mención Honorífica" na etapa da Educación Primaria a aquel alumnado que acade como media en todas as areas de 6º curso a cualificación de 9,00 como mínimo.

A proposta de "Mención Honorífica" farase constar na acta de avaliación.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Para a elaboración das programacións didácticas terán en común os seguintes puntos que a Inspección esixe anualmente.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.
 - 1.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS
 - 1.2. MARCO LEGAL
 - 1.3. XUSTIFICACIÓN
 - 1.4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
2. OBXECTIVOS
3. METODOLOXÍA
4. ORGANIZACIÓN
 - 4.a. DO ESPAZO
 - 4.b. AGRUPAMENTOS
5. RECURSOS
 - 5.a. RECURSOS HUMANOS
 - 5.b. RECURSOS MATERIAIS
 - 5.c. RECURSOS DO ENTORNO
6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
8. PLANS QUE DESENVOLVE O CENTRO
 - 8.1. PROXECTO DE CENTRO
 - 8.2. PLAN DO EQUIPO DE DLG
 - 8.3. PLAMBE
 - 8.4. PLAN PROXECTA
 - 8.5. PROG PARA A MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR (PROA)
 - 8.6. PLAN TIC
 - 8.7. PLAN DE LECTURA
 - 8.7.1 ITINERARIOS LECTORES
 - 8.8. PLAN DE CONVIVENCIA
 - 8.9. PROXECTO VOZ NATURA
9. AVALIACIÓN
 - 9.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO
 - 9.1.1. AVALIACIÓN INICIAL
 - 9.1.2. AVAL.FINAL. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE CURSO
 - 9.2. INSTRUM. DE AVAL.E CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE ÁREA
 - 9.2.1. PONDERACIÓN DE ESTÁNDARES, PROMOCIÓN DE ÁREA
 - 9.3. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN
 - 9.4. AVAL. DO PROCESO E DA PRÁCTICA DOCENTE
10. PERFIL COMPETENCIAL DE CENTRO

Este documento elaborase buscando o consenso entre todos os titores e especialistas, aínda que cada quen debe adaptalo ao seu nivel.

Asemade revisarase o apartado de Actividades complementarias que se especificarán por curso. As datas de entrega das programacións didácticas será o 15 de setembro.

Estas programacións serán revisadas trimestralmente polo Equipo docente dos *¿ciclos¿* nunha reunión na que o coordinador levantará acta. Esta acta quedará arquivada na carpeta correspondente na dirección do Centro e será entregada tres días antes do remate do trimestre, coincidindo coa información as familias de cada avaliación.

No guión de revisión contemplaranse como mínimo os seguintes puntos:

- Modificacións introducidas na programación didáctica.

Avaliación dos resultados obtidos

- Atención ao alumnado con materias pendentes.

- Conclusións obtidas na avaliación

- Valoración dos recursos educativos: libros de texto, materiais didácticos, ...

- Valoración das actividades complementarias e extraescolares

- Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas.

- Valoración do Plan de integración das Tic

- Valoración do proxecto lector

- Valoración do funcionamento do ciclo (reunións, coordinación entre os seus membros...). Valoración da práctica docente

- Propostas de mellora a ter en conta para o próximo curso

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Proxectos e programas nos que participa o centro . Xustificación da necesidade

Innovación e calidade educativa (Contratos programa, plan Proxecta, plan de mellora de bibliotecas escolares, proxecto Abalar, EDIXGAL,...)

. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (PMBE)

Dende o ano 2007 este Centro ven participando no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. As actividades son deseñadas polo Equipo da Biblioteca xunto con outros Equipos do Centro, para colaborar na adquisición das competencias clave.

Tamén axuda ao desenvolvemento do Proxecto anual do Centro. Algúns dos obxectivos a conseguir:

Promover entre o alumnado a utilización da BE para a busca de información e a creación de coñecemento

Organizar os recursos de maneira que sexan facilmente accesibles e utilizables

Inculcar o pracer de ler como iniciativa propia, non soamente coma algo puramente académico, senón coma algo lúdico e divertido

Difundir os fondos da biblioteca facéndoos chegar ao alumnado e as familias.

Empregar a biblioteca como laboratorio de coñecemento para a comunidade educativa.

Introducir á robótica a través do proxecto ¿Escornabots na Biblioteca Escolar¿

Seguir a ampliar con entradas o blog da biblioteca para que sexa a ferramenta de comunicación interaulas, entre as familias e para a cidadanía

Deseñar actividades para as familias para que poidan traballar a lectura na casa, seguindo as pautas dadas.

Optimizar e fomentar o gusto pola lingua no plano oral e escrito entre as nenas e os nenos e entre as familias e o profesorado

Información ás nais e pais da necesidade de que sexan modelos de bos lectores para que estimulen a lectura nos seus fillos.

Difundir o gusto pola lingua, a busca e difusión da información no plano oral e escrito.

Achegar a comunidade educativa a lingua e as TIC no plano oral e escrito.

Recoñecer a importancia de recoller a tradición oral da zona xeográfica: refráns, lendas, crenzas...

Recomendar lectura para os nenos e os pais de temáticas diversas (educación, atención á diversidade, aventura, comics, ¿

Crear un fondo propio da biblioteca con todos os traballos realizados polos nenos.

Concienciar a toda a comunidade educativa do importante papel que xoga a biblioteca escolar como centro de recursos inclusivo do Colexio

Facilitar e seleccionar o material preciso para conseguir os obxectivos de ditos proxectos.

Aprender a deseñar procesos creativos, críticos e reflexivos que favorezan a competencia en aprender a aprender, competencia dixital e competencia en autonomía e iniciativa persoal

Promover unha biblioteca xeradora de proxectos documentais integrados

En resumo a Biblioteca persegue o desenvolvemento dunha cultura de participación plena nas relacións entre escola e comunidade.

Dentro deste Plan, participábase tamén nos seguintes programas:

- Club de lectura
- Radio na biblio
- Biblioteca creativa
- Lectura e familias
- Voluntariado de lectura

PLAN PROXECTA

Dende o ano 2012- 2013 este Centro ven participando no Plan Proxecta a través dos programas: Aliméntate ben, Proxecto Deportivo de Centro, Vexo, veo, xacobeo...

Obxectivo xeral:

Fomentar a innovación educativa no o Centro a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.

Mellorar a calidade educativa favorecendo a innovación no centro a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo e colaborativo do alumnado e do profesorado implicado.

Construír modelos de mellora mediante proxectos interdisciplinares integrados na programación xeral anual que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega.

CONTRATOS-PROGRAMA

PROA+

Programa para a mellora do éxito escolar (para 3º, 4º, 5º e 6º). PROA+

No curso 2102/2013 iniciábase no Centro a participación no programa de Acompañamento Escolar cos alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Educación Primaria, que presentan dificultades e problemas de aprendizaxe, así coma outros con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural en que se desenvolve o alumno. Debido á valoración altamente positiva dos resultados da posta en marcha deste programa, decídese a súa continuidade.

Este programa vai dirixido o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel non alcanzase os obxectivos e competencias establecidas para o nivel correspondente. Estas medidas de reforzo

levarase a cabo a través do programa Proa+

Os obxectivos xerais:

Mellorar os índices de éxito escolar

Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar

Adquirir hábitos de organización e constancia no traballo.

Mellorar a relación dalgúns alumnos co Centro

Desenvolver capacidades no alumnado segundo as súas posibilidades e circunstancias.

Mellorar a competencia en comunicación lingüística e, en concreto, da lectura como medio de aprendizaxe.

Contribuír a que os alumnos cheguen á Educación Secundaria tendo resultados positivos polo menos nunha parte do currículo.

Conseguir a implicación da familia no proceso educativo e mellorar a calidade de relación co Centro.

Lograr a equidade na educación.

CONTRATOS PROGRAMA CP INCLÚE

Constitúe un instrumento de apoio ao centro para desenvolver un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas no centro e en consonancia co proxecto educativo, acadar o éxito educativo a través do funcionamento de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

Faremos fincapé na atención á diversidade, xestión das emocións, prevención de condutas disruptivas, mellora de habilidades sociais, actividades que potencien a igualdade e impulsar na medida do posible, a intervención das familias

O centro participara nas seguinte modalidades

IGUÁLA-T.

INCLÚE-T

EMOCIÓNA-T

QUÉDA-T

CONVIVE-T

Os obxectivos xerais que se perseguen con este programa son os seguintes:

1.-Incrementar o benestar do alumnado con NEAE nos tempos de ocio no patio, ofrecendo alternativas ao establecido.

2. Realizar adaptacións metodolóxicas co fin de que o alumnado con NEAE poida participar activamente das dinámicas de aula e acadar un maior grado de entendemento das mesmas.

3. Mellorar a competencia e xestión emocional do alumnado, favorecendo o respecto e a tolerancia entre iguais.

4. Romper cos estereotipos e roles de xénero, facendo visible a fenda existente e facéndoos coñecedores da figura da muller no mundo.

5. Dar visibilidade á diversidade e fomentar actitudes de respecto.

CONTRATOS PROGRAMA CP INNOVA

Con este programa trátase de potenciar o desenvolvemento das competencias clave, promover hábitos de vida saudables e impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible , empregando estratexias que cambien dinámicas e adoptando enfoques metodolóxicos innovadores.

,Obxectivos xerais:

-Incremento do rendemento escolar nas áreas curriculares nas que se traballe por proxectos

-Redución dos conflitos nas aulas

-Incremento da capacidade para aplicar as aprendizaxes adquiridas nas diferentes áreas curriculares

-Aumento das actividades nas que a participación familiar sexa necesaria.

Na actualidade o centro participa en distintas liñas:

-- EDUinnova

-- EDUsaúde

-- EDUsostibilidade

---EDUcalidade

PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

No curso 2012/2013 comeza a participación do profesorado do Centro no Plan de Formación Permanente do Profesorado, cos seguintes temas.

- Integración didáctica das TIC, no uso para o traballo cooperativo en rede a través de espazos virtuais
- Atención á diversidade e ao éxito escolar, promovendo a innovación, reflexión e avaliación da práctica educativa que favoreza melloras metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias básicas, do traballo cooperativo do profesorado así como dos cambios organizativos.

Continuase este Plan cun itinerario sobre a Biblioteca Escolar. Liña de actuación: Estratexias profesionais para a mellora da competencia en lectura e escritura (impresa e dixital) como ferramenta imprescindible para a aprendizaxe no alumnado, e potenciación do uso instrumental das linguas co seu tratamento integrado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Adaptar a BE para dar unha resposta máis inclusiva a todos os ciclos con especial atención aos alumnos de infantil.
- Detectar niveis de mellora na BE: Valor e integración no centro, apoio ao currículo, usos e usuarios, planificación e avaliación, equipo de traballo, comunidade profesional, pontes coa comunidade.
- Mellorar a BE facendo dela un instrumento cun papel primordial na práctica educativa polo seu apoio ao labor docente con recursos e procedementos de traballo favorecedores da lectura, do tratamento da información, da lectura crítica e da integración das TIC nas aprendizaxes.
- Convertela nun centro de recursos inclusivo para todo o Colexio

Actividades formativas:

Curso: "A biblioteca Escolar, centro de recursos inclusivos para todo"

Seminario: "Facendo da nosa Biblioteca o centro de recursos inclusivos do colexio"

Para dar continuidade ao Plan de Formación desenvolvido no curso 2013/2014 e despois de realizar unha posta en común sobre as prioridades formativas do profesorado do Centro, acórdase establecer un único Itinerario Formativo ¿As competencias claves desde a Biblioteca Escolar¿ cunha duración de 4 cursos académicos e que comezará neste curso 2014/2015.

Durante este curso decídese continuar co itinerario: Facendo da nosa Biblioteca un centro de recursos inclusivo do Centro para todos IV e a liña: programación, desenvolvemento e avaliación de competencias clave segundo os novos currículos.

Os obxectivos xerais son:

- Comprender as características das competencias clave, a súa integración na aprendizaxe e avaliar o seu grao de adquisición.
- Elaborar una programación didáctica
- Deseñar una estrutura integrada de tarefas, actividades e exercicios a partir do proxecto de Biblioteca

Os contidos son:

- Elementos do currículo. Competencias clave e estándares de aprendizaxe
- Estrutura de tarefas. Metodoloxía
- Avaliación. Criterios e instrumentos para avaliar áreas
- O perfil competencial e a programación didáctica

Continúase co Plan de formación coas seguintes actividades formativas: "Dinámicas para a solución de conflitos. Educación emocional"

Obxectivos neste itinerario:

- Adquisición de técnicas e destrezas para detectar e solucionar conflitos na aula e nos distintos espazos do centro
- Educación emocional tanto a nivel individual como de aula
- Desenvolver programas propios no centro centrados na convivencia

Contidos neste itinerario:

- Formación na xestión de conflitos
- Formación en educación emocional
- Normativa. Protocolos de actuación

Liñas de traballo: Convivencia escolar e clima de aula. Centros saudables. Relación coas familias

Durante o curso 2021-2022 continúaase co plan de Formación do Profesorado cos seguintes itinerarios:

- o programa de Educación Responsable no CEIP do Foxo
- "Contratos programa no Centro"
- "Plan dixital do centro. Integración didáctica das Tic"

Os obxectivos xerais deste plan son:

- Dar a coñecer ao Claustro o Programa de Educación Responsable
- Coñecer a importancia da educación emocional na formación do noso alumnado
- Mellorar as prácticas de innovación educativa
- Establecer o programa de Educación Responsable como fío condutor para a mellora integral do noso alumnado
- Elaborar o plan dixital do centro

No curso 2022-2023, continúaase cun PFPP que consta de 5 itinerarios:

Itinerario 1: O programa de Educación Responsable no CEIP do Foxo Liñas de traballo:

- Convivencia escolar e clima de aula
- Centros saudables
- Relacións coas familias

A través deste itinerario, traballarase o desenvolvemento social dos alumnos e alumnas a través dos seguintes obxectivos:

1. Promover o desenvolvemento da competencia social a través do adestramento das habilidades sociais.
2. Recoñecer e expresar emocións.
3. Desenvolver o autocontrol.
4. Seleccionar e aplicar os recursos do programa de Educación Responsable.

O profesorado realizará, ademais, unha formación en centro de 10 horas para acadar o coñecemento que se precisa para levar a cabo o itinerario.

Itinerario 2: Plan dixital no centro

Liñas de traballo:

- Integración didáctica das TIC
- Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais
- Educación dixital

A través destas liñas de traballo, traballarase na consecución dos seguintes obxectivos:

1. Planificar e desenvolver un Plan Dixital para a escola
2. Coñecer e dominar diferentes ferramentas tecnolóxicas para a creación de produtos educativos.
3. Integrar o manexo das ferramentas institucionais na docencia, a comunicación e a xestión de contidos educativos.
4. Mellorar a competencia dixital docente.

Itinerario 3: Contratos-Programa no centro

Liña de traballo: Mellora da xestión dos centros a través do CPinclúe e CPinnova.

No presente curso escolar, o centro participa en CP inclúe na modalidade de ¿IGUALA-T¿ ¿INCLUE-T¿ e ¿EMOCIONA-T¿; e en CPinnova, na modalidade de edu-innova, edu-saúde ,edu-sostibilidade.

Obxectivos:

1. Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado.
2. Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
3. Desenvolver no alumnado competencias para a mellora do nivel de coñecementos.

Itinerario 4: O currículo LOMLOE

Liña de traballo: análise e posta en común do novo currículo para a elaboración das programacións.

Obxectivos:

1. Establecer mínimos curriculares coherentes para cada ciclo
2. Consecución de consonancia na liña de traballo a nivel de etapa
3. Transición máis fluída entre a etapa de Educación Infantil e Primaria

Itinerario 5: EDIXGAL

Liña de traballo: Formación para a implementación de EDIXGAL

Obxectivos:

1. Familiarizarse coas ferramentas de traballo de EDIXGAL
2. Coñecemento dos entornos virtuais do programa

Durante este curso desenvolveranse 4 itinerarios formativos:

Itinerario 1: EDIXGAL

Obxectivos:

- 1.- Familiarizarse coas ferramentas de traballo de EDIXGAL
- 2.- Coñecemento dos entornos virtuais do programa

Itinerario 2: CURRÍCULUM LOMLOE

- 1.- Establecer mínimos curriculares coherentes para cada ciclo
- 2.- Coordinar entre os distintos cursos para lograr fixar os mínimos esixibles nas áreas instrumentais de toda a Ed. Primaria
- 3.- Consecución de consonancia na liña de traballo a nivel de etapa

Itinerario 3: CONTRATOS PROGRAMA NO CENTRO

Liña de traballo: Mellora da xestión dos centros a través do CPinclúe e CPinnova.

No presente curso escolar, o centro participa en CP inclúe na modalidade de ¿IGUALA-T¿ ¿INCLUE-T¿ e ¿EMOCIONA-T¿ ¿CONVIVE-T e QUÉDA-T¿; e en CPinnova, na modalidade de edu-innova, edu-saúde, edu-sostibilidade e edu-calidade

Obxectivos de cp-inclúe:

- 1.- Incrementar o benestar do alumnado con NEAE nos tempos de ocio no patio, ofrecendo alternativas ao establecido.
2. Realizar adaptacións metodolóxicas co fin de que o alumnado con NEAE poida participar activamente das dinámicas de aula e acadar un maior grado de entendemento das mesmas.
3. Mellorar a competencia e xestión emocional do alumnado, favorecendo o respecto e a tolerancia entre iguais.
4. Romper cos estereotipos e roles de xénero, facendo visible a fenda existente e facéndoos coñecedores da figura da muller no mundo.
5. Dar visibilidade á diversidade e fomentar actitudes de respecto.

Obxectivos de cp- innova:

- 1.- Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado.
- 2.- Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
- 3.- Desenvolver no alumnado competencias para a mellora do nivel de coñecementos.

Itinerario

4: POLOS CREATIVOS

Serán un elemento clave para a transformación dixital dos centros educativos en organizacións dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, e como tal representará unha das infraestruturas esenciais previstas no Plan dixital de centro para acadar este obxectivo.

SECCIÓN BILINGÜE

O proxecto de Sección Bilingüe concedida no curso 2012/2013 segue a ter continuidade no presente curso, desenvolverase cos alumnos de 1º curso de Educación Primaria na área de Educación Artística (só Plástica) e quedou ampliado no curso 2013/14 para os alumnos de 2º curso de Educación Primaria. Durante este curso participaran nesta sección os trinta e oito alumnos/as deses niveis, contando todos eles coa autorización pertinente por parte dos seus pais/nais ou titores legais.

É nomeada unha persoa auxiliar de conversa,. que asistirá ao profesorado especialista en Lingua Inglesa e as súas funcións específicas irán fundamentalmente encamiñadas a reforzar as destrezas orais do alumnado e aporta temas de contido social e cultural..

Obxectivos xerais do proxecto:

- Lograr un coñecemento profundo da lingua inglesa dun xeito natural e dende os primeiros momentos da aprendizaxe.
- Conseguir o dominio da lingua inglesa ao finalizar o programa de bilingüismo implantado no Centro.
- Adquirir unha competencia axeitada entre a lingua inglesa e a lingua materna.
- Coñecer e compartir a idiosincrasia anglosaxona.
- Valorar o coñecemento doutras sociedades e culturas a través da lingua inglesa

Trimestralmente farase un seguimento deste proxecto e da intervención da auxiliar de conversa. Farase unha avaliación trimestral tendo en conta o desenvolvemento en canto á consecución de obxectivos, actividades realizadas, uso de novas tecnoloxías, metodoloxía empregada, ¿. Levantarase acta destas revisións e farase constar nela propostas de mellora

OUTROS PROGRAMAS

PROXECTO ANUAL DE CENTRO.

A proposta do Equipo da biblioteca Escolar escóllese un tema común para desenvolver durante o curso en todos os niveis. O tema escollido será o centro de interés que se vai utilizar para que cada profesor desenvolva a súa programación de aula tendo en conta o mesmo.

Todos os cursos tratarán de traballar, nas distintas áreas, sobre este proxecto, para conseguir a adquisición de competencias claves dos alumnos. Introducirán nas súas UDis os estándares de aprendizaxe avaliábeis que poidan

traballar con respecto a este proxecto de Centro.

As actividades complementarias axudarán a traballar contidos e estándares relacionados co tema escollido. As tarefas programadas serán avaliadas segundo consta na programación didáctica correspondente..

PLAN DEPORTIVO DE CENTRO

Pretende que a actividade física chegue a ser un hábito na nosa poboación e por iso é clave a súa práctica desde a infancia nos ámbitos educativo e familiar, fundamental para o futuro estilo de vida e a consolidación de hábitos físico-deportivos saudables.

Obxectivos .

- Beneficiarse do gran potencial educativo e formativo que aporta a práctica deportiva.
- Manter e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos.
- Fomentar os valores de solidariedade e convivencia
- Fomentar a través da Educación Física os valores do esforzo e do traballo.
- Potenciar habilidades organizativas encamiñadas a favorecer o traballo en equipo.
- Practicar deporte e valorar os hábitos de vida saudable.
- Sensibilizar e inculcar nos máis xóvenes un espírito crítico ante as inxustizas que sofre a infancia.
- Solidarizarse cos máis desfavorecidos.

Neste programa participarán os alumnos de todos os alumnos do Centro e a coordinación deste plan será levada a cabo polo mestre de Educación Física

PROXECTO VOZ NATURA

O obxectivo principal deste programa é implicar á comunidade escolar na recuperación e defensa da natureza, fomentando o respecto ambiental desde a infancia e incentivando a acción dos escolares, das súas familias e de todo o seu entorno.

Obxectivos propostos:

- Estudar o ciclo da materia orgánica, descomposición da mesma e obtención de nutrientes dos que se alimentan as plantas.
- Concienciar sobre a importancia de poñer en marcha unha fórmula respectuosa co medio ambiente á hora de reciclar, fertilizar e producir os nosos residuos.
- Reciclar os residuos orgánicos que producen os xardíns, xa que estes (restos de cociña e de xardín) constitúen con máis terra e abono orgánico e mineral entre o 40 e o 50% dos residuos urbanos. Unha forma fácil de aforrar no custo de recollida e tratamento dos mesmos que ademais elimina a necesidade de comprar fertilizantes químicos.
- Demostrar a viabilidade da compostaxe para recuperar a materia orgánica que desbotamos no lixo .
- Colaborar de forma activa na conservación e rexeneración dos espazos verdes do recinto escolar.

PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Os obxectivos que se pretenden conseguir implementando este Plan no Centro son os seguintes:

Incidir mediante a información e a explicación argumentada e científica na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización.

Asegurar unha formación (sociolingüística e psicopedagóxica) dos docentes que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.

Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.

Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Promover a interacción e colaboración entre a escola e o contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.

Xerar dinámicas de traballo que supoñan unha relación entre os distintos membros da comunidade educativa.

Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías

Participarase nas distintas actividades propostas neste Plan e quedan recollidas na Programación Xeral Anual correspondente a cada curso académico.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características do centro.